

Perdemos máis dun 15% de poder adquisitivo e limitan a suba do 2022 ao 2%

A Xunta de Galiza vén de publicar a orde de confección de nóminas para o ano 2022, recollendo a suba imposta desde Madrid e que Feijóo decidiu non mellorar

15,44% de perda do valor do que cobramos. Esa é realidade que arrojan **as cifras dos nosos salarios**, os de todas e todos os empregados públicos do conxunto do Estado, desde o comezo dos recortes do ano 2010. Polo medio tivemos en Madrid gobernos do PSOE (Zapatero), PP (Rajoy) e PSOE-UP (Sánchez), cun elemento en común: recortaban ou conxelaban salarios ou as subas eran absolutamente insuficientes para podermos recuperar o que nos roubaran previamente. Estes últimos incrementos contaron, como vén sendo habitual, co apoio entusiasta e inexplicable do trío sindical de cabeceira para todos os gobernos españois (CCOO, UGT, CSIF). Algún deses sindicatos veñen a queixarse tres anos despois de que as

subas que pactaron foron insuficientes. Sobra calquera outro comentario.

Durante ese período de tempo, sufrimos a nivel galego os efectos de varios gobernos, todos do PP e con Feijóo á fronte. O presidente da Xunta foi, sen dúbida, os máis incisivo dos gobernantes á hora de meter a man no peto dos e das empregadas públicas. A día de hoxe, Galiza é a única comunidade que non pactou a devolución das pagas extras recortadas entre o 2012 e o 2016. Esta tallada, que implicou a eliminación do complemento específico das nosas extras durante eses anos implicou unha perda dunha media de 6.500€ para cada docente. A CIG-Enseño puxo enriba da mesa en cada negociación retributiva a condición necesaria de devolver eses cartos.



Un 2% de suba que aumentará a rebaixa efectiva da nosa calidade de vida

Evolución IPC-Salarios 2010-21			
ANO	IPC ESTADO	VARIACIÓN	PODER ADQUISITIVO
2010	3,00	-5,00	-8,00
2011	2,40	0,00	-2,40
2012	2,90	0,00	-2,90
2013	0,30	0,00	-0,30
2014	-1,00	0,00	1,00
2015	0,00	0,00	0,00
2016	1,60	1,00	-0,60
2017	1,10	1,00	-0,10
2018	1,20	1,75	0,55
2019	0,80	2,50	1,70
2020	-0,50	2,00	2,50
2021	6,50	0,90	-5,60
2010 - 2021	19,46	4,02	-15,44

Fonte dos datos:
IPC interanual até 2021 (mes de decembro): INE


Na suba aprobada para o 2022 o Goberno español parte dun engano e dunha inxustiza. O engano é afirmar que sobe esa porcentaxe porque considera que o IPC vai subir o 1,5% neste ano. Ninguén cre esa mentira. A inxustiza é non ter en conta o que levamos perdido, xa non desde o 2010 senón, como mínimo, neste 2021, no que nos subiron o 0.9% (porque afirmaron que esa ía ser a suba do IPC !!) cando o ano pechou cunha suba a nivel do estado do 6,5% (en Galiza a suba

subiu ao 6,7%). Un diferencial do 5,6% a nivel do estado en 12 meses.

A negativa de todos os gobernos, español e galego, de aceptar a proposta da CIG-Ensino de incluír unha cláusula de revisión salarial que recolla unha paga a final de ano coa diferenza entre a suba do IPC previsto e o IPC real provoca finalmente que os nosos salarios cada vez teñan un menor valor.

A parte estatal das pagas extras seguirán recortadas

Se a Xunta nunca devolveu os cartos da parte de xestión autonómica das extras (a suma de todos os conceptos que conforman o complemento específico), o Goberno español nin tan sequera reconsiderou a volta ao pago íntegro dos conceptos que son da súa exclusiva competencia e que se se manteñen recortadas desde o ano 2010 (salario, trienios), algo que a CIG-Ensino demandou novamente.



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal